



Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade
Oficina de Igualdade de Xénero
Casa da Balconada
Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 811 309 e 881 811310
e-mail: oix@usc.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



II EDICIÓN DOS PREMIOS Á INTRODUCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN

Coa finalidade de fomentar a calidade e a innovación educativa incluíndo a perspectiva de xénero na docencia e na investigación dos nosos centros, institutos e departamentos, a USC convoca a segunda edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación.

BASES:

1.- Poderán presentarse á convocatoria traballos que recollan as experiencias de introdución da perspectiva de xénero, xa realizadas por centros, institutos, departamentos ou equipos docentes e investigadores da Universidade de Santiago de Compostela.

2.- Os traballos presentaranse en galego, e terán unha extensión máxima de 25 folios (DIN A4), letra Times New Roman, tamaño 12, a dobre espazo e nunha soa cara, por triplicado, consistente en orixinal e dúas copias. Se fora necesario, entregarase material complementario (publicacións, dossier, disco, video, CD-ROM, etc.).

3.- A documentación presentada consistirá na memoria do traballo, o material complementario de ser o caso, e un escrito no que se faga constar o título do traballo, o centro, instituto, departamento e o nome e apelidos da profesora ou do profesor responsable da experiencia, así como enderezo completo e teléfono de contacto máis directo na Universidade. No caso de haber máis dunha persoa responsable da experiencia, é absolutamente preciso sinalar o nome dunha única persoa 'responsable principal' así como a conformidade para a presentación da experiencia ao premio, que se manifestará mediante a sinatura de todos os membros do equipo.

O/a responsable principal figurará no POD do seu departamento no curso académico 2010-2011.

4.- Esta documentación entregarase, dirixida ao reitor da USC, no Rexistro Xeral da Universidade, en Santiago de Compostela ou en Lugo. En calquera caso, especificarase no envío "Documentación para os II Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación".

5.- Os premios terán dúas modalidades:

A. Premios para o profesorado que teña incluído a perspectiva de xénero na súa docencia.

B. Premios para equipos que levaran a cabo traballos con inclusión da perspectiva de xénero na súa investigación.

Serán premiadas un máximo de 6 experiencias, tres na modalidade A e tres na modalidade B.

6.- Modalidade A: O contido debe tratar sobre unha experiencia educativa innovadora relativa á inclusión da perspectiva de xénero na docencia, realizada no ámbito da USC nos últimos tres anos, e que supoña algún tipo de práctica docente susceptible de ser ampliada e mesmo xeneralizada a outros contextos do ensino superior, tanto dentro como fóra da USC. A experiencia terá que incidir na mellora do ensino e da aprendizaxe na universidade (elaboración de materiais, aplicación de novas tecnoloxías, innovacións nas prácticas e nos programas, acción tutorial, etc.). En todo caso, farase unha breve valoración dos beneficios que supuxo a experiencia, mediante a achega de datos do alumnado.

Dado que o obxectivo do concurso é impulsarmos a perspectiva de xénero en ámbitos da docencia ou a investigación onde aínda non está implantada, ficarán excluídas aquelas experiencias feitas ao abeiro de materias que xa incorporan no seu nome e temática a perspectiva de xénero. O que se pretende, finalmente, é animar a comunidade universitaria a incorporar as ferramentas conceptuais e os contidos transformadores de xénero en todos os ámbitos, non premiar as materias pola súa propia natureza.

7.- Modalidade B: Premiaranse aqueles traballos de investigación desenvolvidos nos últimos tres anos baseados nas relacións e roles de xénero dende o punto de vista educativo, psicolóxico, social, histórico, lingüístico, filosófico, biolóxico, sanitario, xurídico..., e tamén aqueles traballos de calquera ámbito do coñecemento que inclúan a perspectiva de xénero na formulación de hipóteses, deseño do proxecto, metodoloxía e implementación da investigación, así coma na publicación dos resultados obtidos.

8.- Serán premiadas un máximo de 6 experiencias que o xurado estime de maior calidade consonte coas bases desta convocatoria. Se o xurado o considera conveniente poderá deixar algún ou todos os premios desertos.

Os premios estarán dotados coas seguintes asignacións:

1º Premio modalidade A: 1500 €

2º Premio modalidade A: 1000 €

3º Premio modalidade A: 500 €

1º Premio modalidade B: 1500€

2º Premio modalidade B: 1000€

3º Premio modalidade B: 500€

Estes premios serán entregados, xunto cun diploma acreditativo, á profesora ou profesor que presente o seu traballo ou que represente ao grupo no acto público de entrega, que terá lugar en Santiago de Compostela e será presidido polo reitor da USC.

9.- Unha das dúas copias que acompañen ao orixinal presentado quedarán en depósito na Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade. Previa petición escrita, o orixinal, xunto coa copia restante, será devolto no prazo máximo dun mes a contar desde o día da entrega dos premios.

10.- A admisión de orixinais rematará o día 30 de setembro de 2011. O fallo publicarase na seguinte ligazón : www.usc.es/oix

11.- O xurado dos Premios estará presidido polo reitor ou vicerreitor/a en quen delegue, e del formarán parte, con voz e voto, o director do ICE, ou persoa en quen delegue, catro profesores/as da USC de diferentes áreas de coñecemento e a coordinadora da Oficina de Igualdade (que actuará como secretaria). O veredicto do xurado será inapelable.

12.- O xurado, que resolverá todas as cuestións non previstas, será nomeado polo reitor da USC.

13.- A participación na segunda edición do "Premio á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación" comporta a aceptación expresa destas bases.

INFORMACIÓN:

Oficina de Igualdade de Xénero
Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade
Rúa Nova 6
15782 Santiago de Compostela
Telf.: 881 811 309 e 881 811310
Fax.: 881 811 207
Correo electrónico: oix@usc.es

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade



Asdo. Benita Silva Hermo